

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**MUNICIPAL**  
**MARÍN**

**Persoal, oposicións**

*BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 COORDINADOR /A DO SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO, 3 PATRÓNS-SOCORRISTAS PARA O SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO E 13 SOCORRISTAS, PARA A TEMPADA DE VERÁN 2019*

*ANUNCIO*

Con data 12 de xuño de 2019 esta Alcaldía aprobou as seguintes para a selección e contratación de:

- 1 coordinador /a do servizo de salvamento e socorrismo.
- 3 patróns- socorristas para o servizo de salvamento e socorrismo.
- 13 socorristas para o servizo de salvamento e socorrismo.

**BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE UN/HA (1) COORDINADOR/A DO DISPOSITIVO DE SALVAMENTO E DE SOCORRISMO DAS PRAIAS DO CONCELLO DE MARÍN DURANTE A TEMPADA DE VERÁN 2019**

*PRIMEIRA.—OBXECTO DA CONVOCATORIA*

O obxecto das presentes bases é regular o procedemento selectivo para a contratación en réxime laboral a xornada completa por obra ou servizo determinado de UN/HA COORDINADOR/A DO DISPOSITIVO DE SALVAMENTO E DE SOCORRISMO das praias do concello de Marín durante a tempada de verán 2019.

O sistema de selección será o de CONCURSO- OPOSICION regulado polas presentes bases, que garanten o respecto dos principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade que promulga a Constitución Española na selección do persoal para o acceso a administración pública.

*SEGUNDA.—FUNCÍONS A DESENVOLVER POLO/A COORDINADOR/A DE SOCORRISMO E XORNADA DE TRABALLO*

As principais tarefas a desempeñar polo/a Coordinador/a do dispositivo de salvamento e Socorrismo, serán:

- Organización do servizo, calendario de traballo e dotación de material
- Por en coñecemento da Concellería o material e persoal necesarios en cada unha das praias.



- Informar a Concellería de cantas incidencias e anomalías se produzan , así como a organización, necesidades e funcionamento do servizo.
- Subministrar a caixa de primeiros auxilios, combustible, comunicación, equipamento, material de salvamento e vestuario aos socorristas e patróns -socorristas.
- Comunicar á Concellería as necesidades de material, produtos farmacéuticos, combustibles e calquera outro necesarios para o funcionamento do servizo de vixilancia de praias.
- Supervisión do correcto estado de mantemento, limpeza e funcionamento das dependencias e materiais do servizo.
- Recollida de datos para á elaboración de estatísticas.
- Elaboración de informes relacionados co servizo.
- No suposto de emerxencias maiores, desprazarase a zona afectada e proceder o aviso, nos supostos en que fose preciso, ao servizo 112 Emerxencias Galicia da Xunta de Galicia
- Calquera outra relacionada co posto de traballo de coordinador de socorrismo

### *TERCEIRA- RETRIBUCIÓNS E VINCULACIÓN*

As retribucións brutas a percibir incluíndo sueldo, o prorrateo correspondente a pagas extraordinarias, plus de transporte, complemento salarial e indemnización por cese serán de 1.511,28 euros mensuais.

Será de aplicación o III Convenio colectivo de instalacións deportivas e ximnasia da Comunidade Autónoma de Galicia ( DOG nº 06 / 02 / 2017).

### *CUARTA.—REQUISITOS DOS ASPIRANTES*

Para ser admitidos á realización das probas de selección os aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ter nacionalidade española agás o exposto no Rd Lexislativo 5 /2015 polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Ter cumpridos os 16 anos de idade.
- Estar en posesión do título de Licenciado/ Graduado en Ciencias da Actividade Física e do deporte ou título equivalente.
- Estar en posesión da Titulación de Socorrista Acuático en espazos naturais.
- Estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
- Non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desempeño das correspondentes funcións propias do posto para o que se contrate.
- Non estar inhabilitado para traballar na Administración Pública. Non estar separado, mediante expediente disciplinario, de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de funcións públicas.



- Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- Ter ingresado na Tesourería Municipal a contía de 18,03 euros en concepto de dereitos de examen ou acreditar estar exento do pago da mesma.
- Estarán exentos do pago da taxa por “Solicitude para tomar parte no procedemento para a selección e promoción do persoal” aquelas persoas que estean inscritas nas listas do INEM, sempre que non estean cobrando ningún tipo de prestación .
- Todos os requisitos deberán de posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación das solicitudes e manterse durante o proceso selectivo e posterior período laboral, no caso de resultar seleccionado.

#### *QUINTA.—PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES*

As persoas interesadas en participar no proceso de selección deberán facelo constar mediante instancia de solicitude que se axustará ao modelo que figura como Anexo I

O prazo para a presentación de solicitudes será de CINCO (5) DÍAS HÁBILES, contados a partir do seguinte ao da publicación de anuncio que a tal efecto se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra. A efectos do cómputo dos prazos se estará a data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A presentación das solicitudes realizarase no Rexistro Xeral do Concello de Marín. Así mesmo, se poderán presentar en calquera das formas previstas no artigo Lei da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

#### *SEXTA.—ADMISIÓN DE PARTICIPANTES*

Rematado o prazo de presentación de instancias o Alcalde ditará resolución aprobando a listaxe provisional de admitidos e excluídos, así como as causas da súa exclusión. Esta Resolución será publicada no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de TRES (3) DÍAS HÁBILES a contar dende o día seguinte ao da publicación da resolución para a emenda dos defectos ou omisións así como para efectuar reclamacións.

Rematado dito prazo a Alcaldía ditará resolución pola que aprobará a listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos e convocará aos admitidos mediante a publicación da resolución no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

No caso de que dende un primeiro momento non houberse ningún aspirante excluído, ditarase resolución aprobando a listaxe definitiva de admitidos. Na mesma resolución determinarase o lugar, data e hora da celebración dos exercicios. Esta resolución será publicada no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.



*SÉTIMA.—SISTEMA DE SELECCIÓN E CALIFICACIÓN*

A selección efectuarase polo sistema de CONCURSO–OPOSICIÓN

*PRIMEIRA FASE.—FASE DE CONCURSO*

A fase de concurso non terá carácter eliminatorio. Só se valorarán aqueles méritos debidamente acreditados.

Méritos a valorar:

*A) EXPERIENCIA PROFESIONAL ATE UN MÁXIMO DE 2 PUNTOS*

- Por servizos prestados como Coordinador de Socorrismo, tanto na Administración pública como na empresa privada: 0,10 puntos por mes completo traballado. Non se valorarán períodos inferiores ao mes.

Co fin de acreditar os servizos prestados será preciso a achega de certificado de servizos previos, orixinais ou cotexados, no caso de servizos prestados na Administración Pública, e copia cotexada do contrato de traballo e vida laboral, no caso de servizos prestados na empresa privada.

No caso de contratos concertados a tempo parcial, os mesmos computarán na parte proporcional, segundo a proporción que representen as horas semanais que estableza o contrato en relación con 40 horas semanais.

- Por servizos prestados como Socorrista ou Patrón Socorrista, tanto na Administración pública como na empresa privada: 0,05 puntos por mes completo traballado. Non se valorarán períodos inferiores ao mes.

Co fin de acreditar os servizos prestados será preciso a achega de certificado de servizos previos, orixinais ou cotexados, no caso de servizos prestados na Administración Pública, e copia cotexada do contrato de traballo e vida laboral, no caso de servizos prestados na empresa privada.

No caso de contratos concertados a tempo parcial, os mesmos computarán na parte proporcional, segundo a proporción que representen as horas semanais que estableza o contrato en relación con 40 horas semanais.

*B) OUTRAS TITULACIÓNS ATE UN MÁXIMO DE 2 PUNTOS, DEBERÁ APORTARSE ORIXINAL OU FOTOCOPIA DO TÍTULO OU DO XUSTIFICANTE DE DEPÓSITO DAS TAXAS PARA A SÚA OBTENCIÓN:*

- Por estar en posesión do título de Coordinador de Salvamento Acuático Profesional expedido pola Federación Galega de Salvamento e Socorrismo, pola Academia de Seguridade Galega, Cruz Vermella, Idissa ou calquera outra titulación oficial expedida por unha administración pública competente: 0,50 puntos



Xoves, 20 de xuño de 2019

Núm. 117

- Por ter realizado outros cursos de formación ou estar en posesión de títulos relacionados co posto de coordinador de socorrismo, a excepción das titulacións esixidas na base Cuarta e do de Coordinador de Salvamento Acuático,
- Por cursos de ate 30 horas: 0,15 puntos por curso/titulación
- Por cursos de máis de 30 horas e menos de 100 h: 0,50 puntos por curso/titulación
- Por cursos de máis de 100 horas: 0,75 puntos por curso/ titulación.

*FASE DE OPOSICIÓN:*

*PRIMEIRO EXERCICIO.—PROBA TEÓRICA OBRIGATORIA E ELIMINATORIA*

Consistirá na resolución por escrito dun cuestionario tipo test, de corenta (40) preguntas relativas aos temarios que figuran como Anexo II a esta bases, no tempo de realización que acorde o Tribunal.

Esta proba cualificarase de 0 a 10 puntos, debendo acadar un mínimo de 5 puntos para a súa superación.

*SEGUNDO EXERCICIO.—PROBA PSICOTÉCNICA OBRIGATORIA E NON ELIMINATORIA*

Consistirá na resolución por escrito dun Test de Personalidade e unha entrevista persoal que versará sobre os resultados do test, co obxecto de avaliar as cualidades, competencias e capacidades das persoas aspirantes para o correcto desempeño do posto de coordinador de socorrismo. Cualificarase de 0 a 5 puntos.

*TERCEIRO EXERCICIO.—PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA, OBRIGATORIO E NON ELIMINATORIO*

O Tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega dos aspirantes, mediante unha proba escrita consistente nun cuestionario tipo test de vinte (20) preguntas.

Esta exercicio, que non terá carácter eliminatorio, cualificarase de 0 a 5 puntos.

Estarán exentos da realización do terceiro exercicio os aspirantes que acrediten posuír, no día de finalización do prazo de presentación de instancias, o Certificado de Lingua Galega 4 (Celga 4) ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, que obterán 5 puntos nesta proba.

Os aspirantes, que en calquera momento poderán ser requiridos para acreditar a súa identidade, deberán presentarse ás probas provistos do documento acreditativo da mesma, así coma dos medios materiais adecuados para a práctica das mesmas.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único e a súa non presentación no momento de ser chamados suporá a súa exclusión do proceso selectivo, agás nos casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas polo Tribunal.

A cualificación final virá dada pola suma da puntuación obtida na fase de concurso e na fase de oposición. A orde de prelación dos aspirantes efectuarase de acordo coa cualificación final obtida e non poderán superar o proceso selectivo un número de persoas superior ao dos postos convocados, formulándose proposta de contratación a favor do aspirante que acadase a maior cualificación final.

No caso de empate na cualificación final entre dous ou máis aspirantes, o mesmo será resolto acudindo á puntuación obtida no 1º exercicio da fase de oposición e se persistise o empate acudirase a puntuación da fase de concurso. En caso de persistir o empate, este se resolverá por sorteo realizado en presenza dos interesados.

Os aspirantes disporán dun prazo de UN DÍA HÁBIL, a contar dende o día seguinte á súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello, para presentar reclamacións ás puntuacións do exercicios, á puntuación da fase de concurso e a proposta de contratación que formule o Tribunal.

Na acta da última sesión incluírase unha relación dos aspirantes que, tendo superado a fase de oposición, non fosen propostos polo tribunal para a súa contratación, co fin, si se estima necesario, de cubrir vacantes por renuncia ou incapacidade temporal do/a seleccionado/a. O chamamento se realizará telefonicamente e a bolsa estará vixente durante o ano 2019.

#### *OCTAVA.—DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO*

- solicitude de participación
- orixinal ou fotocopia cotexada do DNI.
- orixinal ou fotocopia cotexada da titulación esixida para o ingreso.
- orixinal ou fotocopia cotexada do título de socorrista acuático en espazos acuáticos naturais.
- xustificante de aboamento das taxas por dereitos de exame ou de estar exento do pago das mesmas.
- certificado médico oficial/ informe médico de saúde, cunha antigüidade máxima de 6 meses a data de publicación do anuncio do proceso selectivo no BOP da Provincia de Pontevedra, orixinal ou fotocopia cotexada, de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desempeño das correspondentes funcións propias do posto.
- orixinal ou fotocopia cotexada do documento acreditativo de estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
- orixinal ou fotocopia cotexada dos méritos alegados na fase de concurso.
- no seu caso, Certificado de Lingua Galega 4 (Celga 4) ou equivalente debidamente homologado.



*NOVENA.—TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO*

Co obxecto de proceder a selección do persoal, constituirase un tribunal coa seguinte composición:

- Presidente/a: un/ha funcionario/a ou persoal laboral fixo do Concello de Marín ou de calquera outro Concello ou Administración Pública, pertencente a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ó esixido para participar no proceso selectivo.
- Secretario/a: un/ha funcionario/a ou persoal laboral fixo do Concello de Marín ou de calquera outro Concello ou Administración Pública, pertencente a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ó esixido para participar no proceso selectivo.
- 3 Vogais:
  - -dous/dúas funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Marín ou de calquera outro Concello ou Administración Pública, pertencente a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ó esixido para participar no proceso selectivo.
  - -un/ha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Marín ou de calquera outro Concello ou Administración Pública, pertencente a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ó esixido para participar no proceso selectivo, designado pola Alcaldía a proposta da Xunta de Persoal e que actuará, en todo caso, a título individual.

A composición nominal dos membros do Tribunal Cualificador farase pública coa resolución, aprobando a listaxe definitiva de admitidos ao proceso, que será publicada no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

Así mesmo, na resolución na que se designe a composición nominal do Tribunal nomearanse suplentes de cada un dos membros do mesmo.

O Tribunal Cualificador non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, a lo menos, tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente) e, en todo caso, coa asistencia do /a Presidente/a e do/a Secretario/a.

Os membros do Tribunal Cualificador deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público e no artigo 13.2 do RD 364/1995 polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios da Administración Xeral do Estado.

Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 24 da Lei 40/2015.





Xoves, 20 de xuño de 2019

Núm. 117

O Tribunal quedará facultado para resolver tódalas dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas bases e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o previsto nas presentes bases.

A actuación do tribunal rexeráse polo disposto nas presentes bases e na Lei 40/2015.

A Alcaldía e /ou o Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, para todas ou algunha/s das probas que compoñen o proceso selectivo. Neste caso, os asesores terán dereito ás indemnizacións previstas para os vogais.

Os membros do Tribunal Cualificador deste proceso selectivo serán designados pola Alcaldía segundo o disposto no art. 4, e) e f) do Real Decreto 896/91, do 7 de xuño, así como artigo 60.1 do RD. Lexislativo 5/2015, “Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá axustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros, y se tenderá, asimismo, a la paridad entre mujer y hombre.”

A composición do Tribunal axustarase ao previsto no artigo 59.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia non podendo ser parte do mesmo o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, ou persoal eventual e as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria houberan realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou houberan colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

#### *DÉCIMA.—ACHEGA DE DOCUMENTOS E FORMALIZACIÓN DE CONTRATOS*

Os/as aspirantes propostos/as para a súa contratación deberán aportar no prazo máximo de 3 días hábiles dende o seguinte a proposta de nomeamento a seguinte documentación acreditativa de cumprir os requisitos esixidos na presente convocatoria, formalizándose posteriormente o contrato de traballo:

- fotocopia cotexada do DNI.
- fotocopia cotexada do Número de Afiliación á Seguridade Social ou tarxeta sanitaria do servizo público de saúde.
- declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas e de non atoparse en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- número de conta, do que sexa titular, onde se lle ingresará a nómina.

Se dentro do prazo indicado, e salvo supostos de forza maior, o/a aspirante proposto/a non presentase a citada documentación ou non reunira os requisitos esixidos para ser contratado este decaerá nos seus dereitos quedando anuladas todas as actuacións relativas ao mesmo sen prexuízo das responsabilidades nas que puidera incorrer por falsidade na instancia.

Para o suposto de que o/a aspirante inicialmente proposto/a (ou os/as sucesivos seguintes) renunciase á contratación ou non reunira os requisitos esixidos na convocatoria, trasladarase a proposta de nomeamento a favor do/a seguinte aspirante (ou se é o caso, dos seguintes





Xoves, 20 de xuño de 2019

Núm. 117

aspirantes) que tendo superado tódolos exercicios non fora incluído na listaxe de aprobados / as e proposta de contratación.

Presentada a citada documentación o/a aspirante proposto/a será contratado, sendo nula a proposta a favor de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme a normativa vixente.

Establécese un período de proba de DOUS MESES. Durante o período de proba os traballadores terán os mesmos dereitos e obrigas correspondentes ao posto de traballo que si fose traballador de plantilla, agás os derivados da extinción da relación laboral.

Durante o período de proba se poderá rescindir a relación laboral por vontade de calqueira das partes sen alegar causa algunha e sen necesidade de preaviso, debendo de comunicarse por escrito facendo constar como causa de extinción da relación laboral a non superación do período de proba.

#### *DÉCIMO PRIMEIRA.—PUBLICIDADE DO PROCEDIMENTO*

A publicidade do presente procedemento selectivo realizarase mediante a publicación das bases e da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, publicándose os restantes anuncios no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

#### *DÉCIMO SEGUNDA.—DISPOSICIÓN DERRADEIRAS*

Primeira.—Para todo o non previsto nestas Bases, será de aplicación supletoria o establecido na Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no RD lex 5/2015 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia e demais lexislación vixente que sexa de aplicación. Así mesmo, será de aplicación o III Convenio colectivo de instalacións deportivas e ximnasia da Comunidade Autónoma de Galicia 2016-2018 ( DOG nº 06 / 02 / 2017).

Segunda.—As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesma e das actuacións do Tribunal Cualificador, poderán ser impugnados polos/as interesados/as no caso e na forma establecidos na na Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como na Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.



Xoves, 20 de xuño de 2019

Núm. 117

*A N E X O S*

*ANEXO I: MODELO DE INSTANCIA*

A SRA. ALCALDESA- PRESIDENTA DO CONCELLO DE MARÍN

D/a \_\_\_\_\_, con DNI número \_\_\_\_\_, e enderezo en  
(Rúa /Lugar) \_\_\_\_\_ (Localidade/Municipio) \_\_\_\_\_ (Código Postal) \_\_\_\_\_,  
e nº de teléfono \_\_\_\_\_

*EXPÓN:*

Que informado/a da convocatoria de probas selectivas para a contratación laboral temporal, por obra ou servizo determinado de un/ha coordinador/a do dispositivo de salvamento e socorrismo das praias do Concello de Marín durante a tempada de verán 2019.

*MANIFESTA:*

1.—que coñece as bases e os criterios de selección de esta convocatoria, e que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na mesma.

2.—que achega a seguinte documentación esixida nas bases:

- orixinal ou fotocopia cotexada do DNI.
- orixinal ou fotocopia cotexada da titulación esixida para o ingreso.
- orixinal ou fotocopia cotexada do título de socorrista acuático en espazos acuáticos naturais.
- xustificante de aboamento das taxas por dereitos de exame ou de estar exento do pago das mesmas.
- certificado médico oficial/ informe médico de saúde, cunha antigüidade máxima de 6 meses a data de publicación do anuncio do proceso selectivo no BOP da Provincia de Pontevedra, orixinal ou fotocopia cotexada, de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desempeño das correspondentes funcións propias do posto.
- orixinal ou fotocopia cotexada do documento acreditativo de estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
- orixinal ou fotocopia cotexada dos méritos alegados na fase de concurso.
- no seu caso, orixinal ou fotocopia cotexada do Certificado de Lingua Galega 4 (Celga 4) ou equivalente debidamente homologado.

3. No suposto de ser proposto para a súa contratación comprométese a aportar a documentación precisa par acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria.

Por todo elo SOLICITA

Que, previos os trámites oportunos, teña por presentada en tempo e forma a presente solicitude, e na súa virtude proceda a admitirme no proceso de selección antes referido.

Marín a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019.

Asdo. \_\_\_\_\_

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:NUCR66JLTHWD0PTD



*ANEXO II. TEMARIO  
TEMARIO PRIMEIROS AUXILIOS*

Tema 1. Actuacións do socorrista como primer intervinente ante unha situación de emerxencia.

Tema 2. A cadea de supervivencia

Tema 3. Resucitación cardio- pulmonar básica (RCPB)

Tema 4. Valoración do paciente traumático

Tema 5. Métodos para optimizar a via aérea e a respiración.

Tema 6. Intoxicacións por vía respiratoria

Tema 7. Urxencias médicas

Tema 8. Feridas

Tema 9. Queimaduras

Tema 10. Hemorragias

Tema 11. Traumatismos

Tema 12. Accidentes de tráfico

Tema 13. Lesións producidas por axentes físicos

Tema 14. Corpos extranos

Tema 15. Accidentes eléctricos

Tema 16. Picaduras

Tema 17. Intoxicacións

Tema 18. Cadros convulsivos

*TEMARIO SALVAMENTO ACUÁTICO*

Tema 1. O socorrismo acuático. Concepto, obxectivos e límites.

Tema 2. O socorrismo acuático profesional e a súa formación.

Tema 3. Prevención de accidentes acuáticos e afogamentos: Educación, información e recursos.

Tema 4. Prevención en programas e actividades acuáticas.

Tema 5. A vixilancia.

Tema 6. Secuencia de actuación en accidentes acuáticos.



Xoves, 20 de xuño de 2019

Núm. 117

Tema 7. Técnicas para entrar á auga.

Tema 8. Técnicas de nado adaptado.

Tema 9. O mergullo.

Tema 10. Técnicas re-control e zafaduras.

Tema 11. Técnicas de traslado de accidentados no medio acuático.

Tema 12. Técnicas de traslado de accidentados no medio acuático con material.

Tema 13. Técnicas para a extracción de accidentados no medio acuático.

Tema 14. Intervención pre-hospitalaria ante posibles lesionados medulares no medio acuático.

Tema 15. Os espazos acuáticos: características e diferencias de interese no socorrismo acuático.

Tema 16. O número de atención de emerxencias 112

Tema 17. ORDE do 14 de maio de 2012 pola que se regula o modelo de distintivo dos socorristas acuáticos na Comunidade Autónoma de Galicia

Tema 18. Decreto 104/2012, de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia e DECRETO 35/2017, de 30 de marzo, polo que se modifica o anterior.

Tema 19. O distintivo EMAS. O distintivo Bandeira Azul.

**BASES PARA A SELECCIÓN DE TRES (3) PATRÓNS SOCORRISTAS PARA PRESTAR OS SEUS SERVIZOS DENTRO DO DISPOSITIVO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DAS PRAIAS DO CONCELLO DE MARÍN NA TEMPADA DE VERÁN 2019**

*PRIMEIRA.—OBXECTO DA CONVOCATORIA*

As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento selectivo para a contratación laboral, a xornada completa por obra ou servizo determinado, de 3 PATRÓNS SOCORRISTAS, que estarán destinados ao servizo de salvamento e socorrismo das praias do Concello de Marín na tempada de verán 2019.

O sistema de selección será o de OPOSICIÓN regulado polas presentes bases.

*SEGUNDA.—TAREFAS A DESENVOLVER POLOS/AS PATRÓNS-SOCORRISTAS, XORNADA, MODALIDADE CONTRACTUAL E RETRIBUCIÓNS*

As principais tarefas a desempeñar polos/as patróns- socorristas dentro do dispositivo de Salvamento e Socorrismo, serán:



As propias da categoría de patrón-socorrista, e de xeito xeral, o manexo de embarcacións de salvamento ao seu coidado así como as operacións básicas de mantemento das mesmas, e todas aquelas inherentes aos socorristas acuáticos tendentes a garantir a seguridade dos usuarios: prever situacións potencialmente perigosas, vixilancia e intervención ante un accidente ou situación de emerxencia.

A contratación realizarase a xornada completa para a realización da obra ou servizo determinado denominada “servizo de salvamento e socorrismo tempada de verán 2019”, a xornada completa sendo as retribucións brutas mensuais de 1.200,05 €, incluída a prorrata das pagas extras e indemnización por cese.

#### *TERCEIRA- REQUISITOS DOS ASPIRANTES*

Para ser admitidos á realización das probas de selección os aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ter nacionalidade española agás o disposto no R.D lex. 5 /2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Estatuto Básico do Empregado Público.
- Ter cumpridos os 16 anos de idade.
- Estar en posesión do Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente.
- Estar en posesión da Titulación de Socorrista Acuático en espazos naturais.
- Estar en posesión do Título de Patrón de Navegación Básica ou Patrón de Embarcación de Recreo
- Estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, na sección de Socorristas en espazos acuáticos naturais.
- Non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desempeño das correspondentes funcións propias do posto para o que se contrate.
- Non estar inhabilitado para traballar na Administración Pública. Non estar separado, mediante expediente disciplinario, de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de funcións públicas.
- Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- Aboar dos dereitos de exame, por importe de 18,03 euros ou acreditar estar exento do pago das mesmas.

Todos os requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo.



**CUARTA.—ADMISIÓN DE PARTICIPANTES**

As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo, deberán facelo constar mediante instancia/solicitud que se axustará ao modelo que figura como Anexo I desta convocatoria, que deberá presentarse no prazo de CINCO DIAS hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. A convocatoria e as bases da mesma serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Os restantes anuncios do proceso selectivo serán publicados no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

A dita instancia deberá acompañar a seguinte documentación:

- Fotocopia cotexada do DNI.
- Fotocopia cotexada da titulación esixida.
- Fotocopia cotexada Titulación de Socorrista Acuático en espazos naturais.
- Fotocopia cotexada do Título de Patrón de Navegación Básica ou Patrón de Embarcación de Recreo
- Acreditación de esta inscrito/a no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, na sección de Socorristas en espazos acuáticos naturais.
- No seu caso, fotocopia do certificado oficial acreditativo do coñecemento da lingua galega.
- Xustificante do aboamento dos dereitos de exame, por importe de 18,03 euros ou de estar exento do pago das mesmas (certificado de ser demandante de emprego e certificado de non ser perceptor de prestación de desemprego).
- Declaración responsable manifestando que se reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

A presentación de solicitudes poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Marín, en horario de 9 a 14 horas, de luns a venres.

As instancias tamén poderán ser presentadas nas formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Rematado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía ditará Resolución aprobando a listaxe provisional de admitidos e excluídos, así como as causas da súa exclusión. Esta Resolución será publicada no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de TRES DÍAS HÁBILES a contar dende o día seguinte o da publicación da Resolución no taboleiro de anuncios da Casa do Concello para a subsanación dos defectos ou omisións, así como para efectuar reclamacións

Rematado dito prazo a Alcaldía, mediante Resolución pola que aprobará a listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, procederá á designación dos membros do tribunal cualificador e convocará aos admitidos para a realización do primeiro exercicio. Dita Resolución se publicará no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.



Xoves, 20 de xuño de 2019

Núm. 117

No caso de que dende un primeiro momento non houberse ningún aspirante excluído, ditarase Resolución aprobando a listaxe definitiva de admitidos. Na mesma Resolución determinarase a designación do Tribunal cualificador así como o lugar, data e hora da celebración dos exercicios. Esta Resolución será publicada no taboleiro de anuncios do Concello.

#### *QUINTA.—SISTEMA DE SELECCIÓN E CALIFICACIÓN*

A selección efectuarase polo sistema de OPOSICIÓN con base nas seguintes probas e criterios:

##### *PRIMEIRO EXERCICIO: PROBA PRÁCTICA OBRIGATORIA E ELIMINATORIA*

Constará de dúas partes, sendo preciso para a súa superación obter a cualificación mínima establecida para cada unha das mesmas, e sendo a súa puntuación a suma das obtidas nas dúas partes.

Primeira parte: de carácter obrigatorio e eliminatorio, que consistirá na realización de unha proba práctica tendente a acreditar a capacidade dos aspirantes para as funcións que van a desenvolver.

Realizarase nalgunha das praias do Concello de Marín e consistirá nunha proba combinada de carreira continua e nado libre, a realizar da seguinte forma:

1.—Os participantes poranse de pé no punto de partida que se determine e portarán na man o material de salvamento (aletas e flopi ou torpedo) en función das existencias de material, e, se o consideran oportuno, poderán vestir traxe de neopreno.

2.—Despois do sinal de saída terán que correr ata chegar á baliza indicativa do punto de entrada no mar, que deberán superar pola parte exterior antes de facer a entrada á auga.

3.—Unha vez dentro do mar colocaranse as aletas e nadaran (estilo libre) co material de salvamento, ata a boia colocada fronte á baliza de terra, debendo superala pola parte exterior.

4.—Nado libre ata a seguinte boia, colocada á altura da baliza de meta, superándoa polo exterior.

5.—Saída do mar, retirada das aletas e carreira ata a baliza de meta. Os participantes deberán carrexar as aletas ata superar a liña de meta.

Nesta proba realizarase un total de 250 metros de nado libre e 150 metros de desprazamento terrestre (carreira).

Este exercicio terá unha puntuación máxima de 4,0 puntos de xeito que esta irá decrecendo de acordo á táboa de tempos que se presenta de seguido.

Os candidatos que non rematen a proba serán cualificado como NON APTOS ao igual que aqueles que non acaden o tempo mínimo establecido, quedando excluídos do proceso selectivo.

*Cada aspirante terá que traer as súas propias aletas para a realización da proba.*





Xoves, 20 de xuño de 2019

Núm. 117

## Táboa de tempos e puntuacións:

- Inferior ou igual a 3'15", 4,0 puntos.
- Inferior ou igual a 3'18", 3,9 puntos.
- Inferior ou igual a 3'21", 3,8 puntos.
- Inferior ou igual a 3'24", 3,7 puntos.
- Inferior ou igual a 3'27", 3,6 puntos.
- Inferior ou igual a 3'30", 3,5 puntos.
- Inferior ou igual a 3'33", 3,4 puntos.
- Inferior ou igual a 3'36", 3,3 puntos.
- Inferior ou igual a 3'39", 3,2 puntos.
- Inferior ou igual a 3'42", 3,1 puntos.
- Inferior ou igual a 3'45", 3,0 puntos.
- Inferior ou igual a 3'48", 2,9 puntos.
- Inferior ou igual a 3'51", 2,8 puntos.
- Inferior ou igual a 3'54", 2,7 puntos.
- Inferior ou igual a 3'57", 2,6 puntos.
- Inferior ou igual a 4'00", 2,5 puntos.
- Inferior ou igual a 4'03", 2,4 puntos.
- Inferior ou igual a 4'06", 2,3 puntos.
- Inferior ou igual a 4'09", 2,2 puntos.
- Inferior ou igual a 4'12", 2,1 puntos.
- Inferior ou igual a 4'15", 2,0 puntos.
- Inferior ou igual a 4'18", 1,9 puntos.
- Inferior ou igual a 4'21", 1,8 puntos.
- Inferior ou igual a 4'24", 1,7 puntos.
- Inferior ou igual a 4'27", 1,6 puntos.
- Inferior ou igual a 4'30", 1,5 puntos.
- Inferior ou igual a 4'33", 1,4 puntos.
- Inferior ou igual a 4'36", 1,3 puntos.
- Inferior ou igual a 4'39", 1,2 puntos.
- Inferior ou igual a 4'42", 1,1 puntos.
- Inferior ou igual a 4'45", 1,0 puntos.
- Inferior ou igual a 4'48", 0,9 puntos.
- Inferior ou igual a 4'51", 0,8 puntos.
- Inferior ou igual a 4'54", 0,7 puntos.
- Inferior ou igual a 4'57", 0,6 puntos.



Xoves, 20 de xuño de 2019

Núm. 117

- Inferior ou igual a 5'00", 0,5 puntos.
- Inferior ou igual a 5'03", 0,4 puntos.
- Inferior ou igual a 5'06", 0,3 puntos.
- Inferior ou igual a 5'09", 0,2 puntos.
- Inferior ou igual a 5'12", 0,1 puntos.
- Máis de 5'12", NON APTO.

Segunda parte: consistirá na realización dun dos seguintes exercicios nalgunha das praias do Concello de Marín:

1.—Proba de manexo de embarcación con entrada dende a praia á embarcación e viceversa, de xeito que tras acercarse a unha boia e tocala coa man, deberá voltar á praia, ao lugar de partida na area.

Penalizarase o non levantar o motor a fin de evitar que a hélice toque a area.

2.—Proba de manexo de embarcación a fin de simular a manobra de home á auga, de xeito que o patrón deberá esquivar un manequín a flote e deberá recuperalo a bordo da embarcación.

Ao igual que na anterior, a posición de partida será dende a area e rematará ca posta en terra do manequín.

3.—Proba de manexo de embarcación atraque/desatraque.

A proba consistirá no desatraque e atraque da embarcación a un pantalán tras facer un pequeno slalom. A proba rematará co adecuado amarre da mesma utilizando un dos seguintes nudos: as de guía, ballestrinque, oito dobre ou volta de escota.

As probas terán unha puntuación de 0 a 5 puntos, sendo preciso acadar como mínimo 2,5 puntos para a súa superación, valoraranse a destreza na execución da proba e o tempo empregado para a realización do mesmo.

#### *SEGUNDO EJERCICIO: PROBA TEÓRICA OBRIGATORIA E ELIMINATORIA*

Consistirá na resolución por escrito dun cuestionario tipo test, elixido por sorteo de entre dous propostos polo tribunal, de vinte (20) preguntas relativas aos temarios que figuran como Anexo II a estas bases, no tempo de realización que acorde o Tribunal.

Esta proba cualificarase de 0 a 10 puntos, debendo acadar un mínimo de 5 puntos para a súa superación.

#### *TERCEIRO EJERCICIO: PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA, OBRIGATORIA E NON ELIMINATORIA*

O Tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega dos aspirantes, mediante unha proba escrita consistente nun cuestionario tipo test de vinte (20) preguntas.



Xoves, 20 de xuño de 2019

Núm. 117

Este exercicio, que non terá carácter eliminatorio, cualificarase de 0 a 5 puntos.

Estarán exentos da realización do terceiro exercicio os aspirantes que acrediten posuír, no día de finalización do prazo de presentación de instancias, o Certificado da lingua Galega 3 (Celga 3) ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, que obterán 5 puntos nesta proba.

Os aspirantes, que en calquera momento poderán ser requiridos para acreditar súa identidade, deberán presentarse ás probas provistos do documento acreditativo da mesma, así coma dos medios materiais axeitados para a realización das probas.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único e a súa non presentación no momento de ser chamados suporá a súa exclusión do proceso selectivo, agás nos casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas polo Tribunal.

A cualificación final virá dada pola suma das puntuacións obtidas nos tres exercicios. A orde de prelación dos aspirantes efectuarase de acordo coa puntuación final e non poderán superar o proceso selectivo un número de persoas superior ao dos postos convocados, formulándose proposta de contratación a favor dos tres (3) aspirantes que acaden a maior puntuación final.

No caso de empate na puntuación final entre dous ou máis aspirantes, o mesmo será resolto acudindo á puntuación obtida no primeiro exercicio e se persistise o empate acudirase a nota obtida no segundo exercicio. En caso de persistir o empate, este resolverase por sorteo realizado en presenza dos interesados.

Os aspirantes disporán dun prazo de UN DÍA HÁBIL a contar dende o día seguinte á súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello, para presentar reclamacións ás puntuacións de cada exercicio e a proposta de contratación que formule o Tribunal.

Na acta da última sesión incluírase unha relación dos aspirantes que, tendo superado todos os exercicios, non tiveran superado o proceso de selección, co fin, si se estima necesario, de cubrir vacantes por renuncia ou incapacidade temporal dalgún dos seleccionados ou se fose precisa a contratación dun maior número de traballadores para dita obra ou servizo. O chamamento se realizará telefonicamente, debendo constar por escrito a renuncia ou aceptación da contratación, no prazo de un día hábil, entendéndose formulada a renuncia no caso de non constar por escrito a aceptación en dito prazo. Esta bolsa estará vixente durante o ano 2019.

#### *SEXTA.—PRIMEIRO EXERCICIO E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO*

Os aspirantes deberán presentarse no lugar, data e hora que se determine por resolución da Alcaldía, para a realización do primeiro exercicio (PROBA PRÁCTICA), provistos da seguinte documentación:

— DNI.



*SÉPTIMA .—TRIBUNAL*

Co obxecto de proceder a selección do persoal, constituirase un tribunal coa seguinte composición:

- Presidente/a: un/ha funcionario/a ou persoal laboral fixo do Concello de Marín ou de calquera outro Concello ou Administración Pública, pertencente a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ó esixido para participar no proceso selectivo.
- Secretario/a: un/ha funcionario/a ou persoal laboral fixo do Concello de Marín ou de calquera outro Concello ou Administración Pública, pertencente a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ó esixido para participar no proceso selectivo.
- 3 Vogais:
  - dous/dúas funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Marín ou de calquera outro Concello ou Administración Pública, pertencente a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ó esixido para participar no proceso selectivo.
  - un/ha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Marín ou de calquera outro Concello ou Administración Pública, pertencente a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ó esixido para participar no proceso selectivo, designado pola Alcaldía a proposta da Xunta de Persoal e que actuará, en todo caso, a título individual.

A composición nominal dos membros do Tribunal Cualificador farase pública coa resolución, aprobando a listaxe definitiva de admitidos ao proceso, que será publicada no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

Así mesmo, na resolución na que se designe a composición nominal do Tribunal nomearanse suplentes de cada un dos membros do mesmo.

O Tribunal Cualificador non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, a lo menos, tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente) e, en todo caso, coa asistencia do /a Presidente/a e do/a Secretario/a.

Os membros do Tribunal Cualificador deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público e no artigo 13.2 do RD 364/1995 polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios da Administración Xeral do Estado.

Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 24 da Lei 40/2015.



Xoves, 20 de xuño de 2019

Núm. 117

O Tribunal quedará facultado para resolver tódalas dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas bases e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o previsto nas presentes bases.

A actuación do tribunal rexeráse polo disposto nas presentes bases e na Lei 40/2015.

A Alcaldía e /ou o Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, para todas ou algunha/s da/s proba/s que compoñen o proceso selectivo. Neste caso, os asesores terán dereito ás indemnizacións previstas para os vogais.

Os membros do Tribunal Cualificador deste proceso selectivo serán designados pola Alcaldía segundo o disposto no art. 4, e) e f) do Real Decreto 896/91, do 7 de xuño, así como artigo 60.1 do RD. Lexislativo 5/2015, “Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá axustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros, y se tenderá, asimismo, a la paridad entre mujer y hombre.”

A composición do Tribunal axustarase ao previsto no artigo 59.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia non podendo ser parte do mesmo o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, ou persoal eventual e as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria houberan realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou houberan colaborado, durante ese período, con centros de preparación de opositores.

#### *OCTAVA.—ACHEGA DE DOCUMENTOS E FORMALIZACIÓN DE CONTRATOS*

Os/as aspirantes propostos/as para a súa contratación deberán aportar no prazo máximo de tres (3) días hábiles dende o seguinte ao remate do prazo para presentar reclamacións á proposta de contratación, a seguinte documentación acreditativa de cumprir os requisitos esixidos na presente convocatoria, formalizándose posteriormente o contrato de traballo:

- fotocopia cotexada do DNI.
- fotocopia cotexada do Número de Afiliación á Seguridade Social ou tarxeta sanitaria do servizo público de saúde.
- fotocopia cotexada da titulación académica esixida.
- fotocopia cotexada do título de socorrista acuático en espazos acuáticos naturais.
- Estar en posesión do Título de Patrón de Navegación Básica ou Patrón de Embarcación de Recreo
- fotocopia cotexada do documento acreditativo de estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia na sección de espazos acuáticos naturais.
- declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calqueira das administracións públicas e de non atoparse en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.



Xoves, 20 de xuño de 2019

Núm. 117

- certificado/informe médico, orixinal ou fotocopia cotexada, relativo á aptitude para o posto.
- número de conta, do que sexa titular, onde se lle ingresará a nómina.

Se dentro do prazo indicado, e salvo supostos de forza maior, o/a aspirante proposto/a non presentase a citada documentación ou non reunira os requisitos esixidos para ser contratado este decaerá nos seus dereitos quedando anuladas todas as actuacións relativas ao mesmo sen prexuízo das responsabilidades nas que puidera incurrir por falsidade na instancia.

Para o suposto de que algún/ha aspirante inicialmente proposto/a (ou os/as sucesivos seguintes) renunciase á contratación ou non reunira os requisitos esixidos na convocatoria, trasladarase a proposta de nomeamento a favor do/a seguinte aspirante (ou se é o caso, dos seguintes aspirantes) que tendo superado tódolos exercicios non fora incluído na listaxe de aprobados/as e proposta de contratación.

Presentada a citada documentación os/as aspirante/s proposto/a será/n contratado/s, sendo nula a proposta a favor de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme a normativa vixente.

Establécese un período de proba de DOUS MESES. Durante o período de proba os traballadores terán os mesmos dereitos e obrigas correspondentes ao posto de traballo que si fose traballador de plantilla, agás os derivados da extinción da relación laboral.

Durante o período de proba se poderá rescindir a relación laboral por vontade de calqueira das partes sen alegar causa algunha e sen necesidade de preaviso, debendo de comunicarse por escrito facendo constar como causa de extinción da relación laboral a non superación do período de proba.

#### *NOVENA.—PUBLICIDADE DO PROCEDIMENTO*

A publicidade do presente procedemento selectivo realizarase mediante a publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, publicándose os restantes anuncios no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

#### *DÉCIMA.—DISPOSICIÓN DERRADEIRAS*

Primeira.—Para todo o non previsto nestas Bases, será de aplicación supletoria o establecido na Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común, no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia e demais lexislación vixente que sexa de aplicación. Así mesmo, será de aplicación o III convenio colectivo de Instalacións Deportivas de Galicia.

Segunda.—As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesma e das actuacións do Tribunal Cualificador, poderán ser impugnados polos/as interesados/as no caso e na forma establecidos na Lei de Procedemento Administrativo Común, así como na Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.



Xoves, 20 de xuño de 2019

Núm. 117

*A NEXOS:*

*ANEXO I. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCION.*

D/<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI número \_\_\_\_\_, e enderezo en  
(Rúa/Lugar) \_\_\_\_\_ (Localidade) \_\_\_\_\_ (Municipio) \_\_\_\_\_  
(Código Postal) \_\_\_\_\_, e nº de teléfono \_\_\_\_\_.

*EXPÓN:*

Que enterado /a da convocatoria de selección TRES (3) PATRONS-SOCORRISTAS para a realización de tarefas salvamento e socorrismo na tempada de verán 2019, polo sistema de oposición, para a súa contratación laboral temporal.

*MANIFESTA:*

Que coñece as Bases e os criterios de selección de esta convocatoria, que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na mesma e que son certos todos e cada un dos datos consignados en esta solicitude e na documentación que á mesma se acompaña.

Que achega a seguinte documentación esixida na Base Cuarta:

- Fotocopia cotexada do DNI.
- Fotocopia cotexada da titulación esixida.
- Fotocopia cotexada Titulación de Socorrista Acuático en espazos naturais.
- Fotocopia cotexada do Título de Patrón de Navegación Básica ou Patrón de Embarcación de Recreo
- Acreditación de esta inscrito/a no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, na sección de Socorristas en espazos acuáticos naturais.
- No seu caso, fotocopia do certificado oficial acreditativo do coñecemento da lingua galega.
- Xustificante do aboamento dos dereitos de exame, por importe de 18,03 euros ou acreditación de estar exento do pago das mesmas.

SOLICITA: Que previos os trámites oportunos teñan por presentada en tempo e forma a presente solicitude, e na súa virtude proceda a admitirme no proceso de selección antes referido.

Marín a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20 \_\_\_\_

Asdo.:





*ANEXO II. TEMARIO*  
*TEMARIO PRIMEIROS AUXILIOS:*

Tema 1. Actuacións do socorrista como primeiro intervinente ante unha situación de emerxencia.

Tema 2. A cadea de supervivencia.

Tema 3. Resucitación cardio- pulmonar básica (RCPB).

Tema 4. Valoración do paciente traumático.

Tema 5. Métodos para optimizar a vía aérea e a respiración.

Tema 6. Intoxicacións por vía respiratoria.

Tema 7. Urgencias médicas.

Tema 8. Feridas.

Tema 9. Queimaduras.

Tema 10. Hemorragias.

Tema 11. Traumatismos.

Tema 12. Accidentes de tráfico.

Tema 13. Lesións producidas por axentes físicos.

Tema 14. Corpos extraños.

Tema 15. Accidentes eléctricos.

Tema 16. Picaduras.

Tema 17. Intoxicacións.

Tema 18. Cadros convulsivos.

*TEMARIO SALVAMENTO ACUÁTICO:*

Tema 1. O socorrismo acuático. Concepto, obxectivos e límites.

Tema 2. O socorrismo acuático profesional e a súa formación.

Tema 3. Prevención de accidentes acuáticos e afogamentos: Educación, información e recursos.

Tema 4. Prevención en programas e actividades acuáticas.

Tema 5. A vixilancia.

Tema 6. Secuencia de actuación en accidentes acuáticos.



Xoves, 20 de xuño de 2019

Núm. 117

Tema 7. Técnicas para entrar á auga.

Tema 8. Técnicas de nado adaptado.

Tema 9. O mergullo.

Tema 10. Técnicas re- control e zafaduras.

Tema 11. Técnicas de traslado de accidentados no medio acuático.

Tema 12. Técnicas de traslado de accidentados no medio acuático con material.

Tema 13. Técnicas para a extracción de accidentados no medio acuático.

Tema 14. Intervención pre- hospitalaria ante posibles lesionados medulares no medio acuático.

Tema 15. Os espazos acuáticos: características e diferencias de interese no socorrismo acuático.

Tema 16. O número de atención de emerxencias 112

Tema 17. ORDE do 14 de maio de 2012 pola que se regula o modelo de distintivo dos socorristas acuáticos na Comunidade Autónoma de Galicia

Tema 18. Decreto 104/2012, de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia e DECRETO 35/2017, de 30 de marzo, polo que se modifica o anterior .

Tema 19. O distintivo EMAS. O distintivo Bandeira Azul.

**BASES PARA A SELECCIÓN DE TRECE (13) SOCORRISTAS PARA PRESTAR OS SEUS  
SERVIZOS DENTRO DO DISPOSITIVO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DAS PRAIAS  
DO CONCELLO DE MARÍN NA TEMPADA DE VERÁN 2019**

*PRIMEIRA.—OBXECTO DA CONVOCATORIA*

As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento selectivo para a contratación laboral, a xornada completa por obra ou servizo determinado, de 13 SOCORRISTAS, que estarán destinados ao servizo de salvamento e socorrismo das praias do Concello de Marín na tempada de verán 2019.

O sistema de selección será o de OPOSICIÓN regulado polas presentes bases.

*SEGUNDA.—TAREFAS A DESENVOLVER POLOS/AS SOCORRISTAS, XORNADA,  
MODALIDADE CONTRACTUAL E RETRIBUCIÓN*

As principais tarefas a desempeñar polos/as socorristas dentro do dispositivo de Salvamento e Socorrismo, serán:



Xoves, 20 de xuño de 2019

Núm. 117

As propias da categoría de socorrista, e de xeito xeral, todas aquelas inherentes aos socorristas acuáticos tendentes a garantir a seguridade dos usuarios: previr situacións potencialmente perigosas, vixilancia e intervención ante un accidente ou situación de emerxencia.

A contratación realizarase a xornada completa para a realización da obra ou servizo determinado denominada “servicio de salvamento e socorrismo tempada de verán 2019”, a xornada completa, sendo as retribucións brutas mensuais de 1.200,05 €, incluída a prorrata das pagas extras e indemnización por cese.

### *TERCEIRA- REQUISITOS DOS ASPIRANTES*

Para ser admitidos á realización das probas de selección os aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ter nacionalidade española agás o disposto no R.D lex. 5 /2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Estatuto Básico do Empregado Público.
- Ter cumpridos os 16 anos de idade.
- Estar en posesión do Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente.
- Estar en posesión da Titulación de Socorrista Acuático en espazos naturais.
- Estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, na sección de Socorristas en espazos acuáticos naturais.
- Non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desempeño das correspondentes funcións propias do posto para o que se contrate.
- Non estar inhabilitado para traballar na Administración Pública. Non estar separado, mediante expediente disciplinario, de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de funcións públicas.
- Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- Aboar dos dereitos de exame, por importe de 18,03 euros ou acreditar estar exento do pago das mesmas.

Todos os requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo.

### *CUARTA.—ADMISIÓN DE PARTICIPANTES*

As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo, deberán facelo constar mediante instancia/solicitud que se axustará ao modelo que figura como Anexo I desta convocatoria, que deberá presentarse no prazo de CINCO DIAS hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. A convocatoria e as bases da mesma serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Os restantes anuncios do proceso selectivo serán publicados no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.



Xoves, 20 de xuño de 2019

Núm. 117

A dita instancia deberá acompañar a seguinte documentación:

- Fotocopia cotexada do DNI.
- Fotocopia cotexada da titulación esixida.
- Fotocopia cotexada Titulación de Socorrista Acuático en espazos naturais.
- Acreditación de esta inscrito/a no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, na sección de Socorristas en espazos acuáticos naturais.
- No seu caso, fotocopia do certificado oficial acreditativo do coñecemento da lingua galega.
- Xustificante do aboamento dos dereitos de exame, por importe de 18,03 euros ou de estar exento do pago das mesmas (certificado de ser demandante de emprego e certificado de non ser perceptor de prestación de desemprego).
- Declaración responsable manifestando que se reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

A presentación de solicitudes poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Marín, en horario de 9 a 14 horas, de luns a venres.

As instancias tamén poderán ser presentadas nas formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Rematado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía ditará Resolución aprobando a listaxe provisional de admitidos e excluídos, así como as causas da súa exclusión. Esta Resolución será publicada no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de TRES DÍAS HÁBILES a contar dende o día seguinte o da publicación da Resolución no taboleiro de anuncios da Casa do Concello para a subsanación dos defectos ou omisións, así como para efectuar reclamacións

Rematado dito prazo a Alcaldía, mediante Resolución pola que aprobará a listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, procederá á designación dos membros do tribunal cualificador e convocará aos admitidos para a realización do primeiro exercicio. Dita Resolución se publicará no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

No caso de que dende un primeiro momento non houberse ningún aspirante excluído, ditarase Resolución aprobando a listaxe definitiva de admitidos. Na mesma Resolución determinarase a designación do Tribunal cualificador así como o lugar, data e hora da celebración dos exercicios. Esta Resolución será publicada no taboleiro de anuncios do Concello.

#### **QUINTA.—SISTEMA DE SELECCIÓN E CALIFICACIÓN**

A selección efectuarase polo sistema de OPOSICIÓN con base nas seguintes probas e criterios:



Xoves, 20 de xuño de 2019

Núm. 117

**PRIMEIRO EXERCICIO: PROBA PRÁCTICA OBRIGATORIA E ELIMINATORIA**

Consistirá na realización de unha proba práctica tendente a acreditar a capacidade dos aspirantes para as funcións que van a desenvolver.

Realizarase nalgunha das praias do Concello de Marín, e consistirá nunha proba combinada de carreira continua e nado libre, a realizar da seguinte forma:

1.—Os participantes poranse de pé no punto de partida que se determine e portarán na man o material de salvamento (aletas e flopi ou torpedo) en función das existencias de material, e, se o consideran oportuno, poderán vestir traxe de neopreno.

2.—Despois do sinal de saída terán que correr ata chegar á baliza indicativa do punto de entrada no mar, que deberán superar pola parte exterior antes de facer a entrada á auga.

3.—Unha vez dentro do mar colocaranse as aletas e nadarán (estilo libre) co material de salvamento, ata a boia colocada fronte á baliza de terra, debendo superala pola parte exterior.

4.—Nado libre ata a seguinte boia, colocada á altura da baliza de meta, superandoa polo exterior.

5.—Saída do mar, retirada das aletas e carreira ata a baliza de meta. Os participantes deberán carrexar as aletas ata superar a liña de meta.

Nesta proba realizarase un total de 250 metros de nado libre e 150 metros de desprazamento terrestre (carreira).

Este exercicio terá unha puntuación máxima de 4,0 puntos de xeito que esta irá decrecendo de acordo á táboa de tempos que se presenta de seguido.

Os candidatos que non rematen a proba serán cualificados como NON APTOS ao igual que aqueles que non acaden o tempo mínimo establecido, quedando excluídos do proceso selectivo.

*Cada aspirante terá que traer as súas propias aletas para a realización da proba.*

*Táboa de tempos e puntuacións:*

- Inferior ou igual a 3'15", 4,0 puntos.
- Inferior ou igual a 3'18", 3,9 puntos.
- Inferior ou igual a 3'21", 3,8 puntos.
- Inferior ou igual a 3'24", 3,7 puntos.
- Inferior ou igual a 3'27", 3,6 puntos.
- Inferior ou igual a 3'30", 3,5 puntos.
- Inferior ou igual a 3'33", 3,4 puntos.
- Inferior ou igual a 3'36", 3,3 puntos.
- Inferior ou igual a 3'39", 3,2 puntos.
- Inferior ou igual a 3'42", 3,1 puntos.



Xoves, 20 de xuño de 2019

Núm. 117

- Inferior ou igual a 3'45", 3,0 puntos.
- Inferior ou igual a 3'48", 2,9 puntos.
- Inferior ou igual a 3'51", 2,8 puntos.
- Inferior ou igual a 3'54", 2,7 puntos.
- Inferior ou igual a 3'57", 2,6 puntos.
- Inferior ou igual a 4'00", 2,5 puntos.
- Inferior ou igual a 4'03", 2,4 puntos.
- Inferior ou igual a 4'06", 2,3 puntos.
- Inferior ou igual a 4'09", 2,2 puntos.
- Inferior ou igual a 4'12", 2,1 puntos.
- Inferior ou igual a 4'15", 2,0 puntos.
- Inferior ou igual a 4'18", 1,9 puntos.
- Inferior ou igual a 4'21", 1,8 puntos.
- Inferior ou igual a 4'24", 1,7 puntos.
- Inferior ou igual a 4'27", 1,6 puntos.
- Inferior ou igual a 4'30", 1,5 puntos.
- Inferior ou igual a 4'33", 1,4 puntos.
- Inferior ou igual a 4'36", 1,3 puntos.
- Inferior ou igual a 4'39", 1,2 puntos.
- Inferior ou igual a 4'42", 1,1 puntos.
- Inferior ou igual a 4'45", 1,0 puntos.
- Inferior ou igual a 4'48", 0,9 puntos.
- Inferior ou igual a 4'51", 0,8 puntos.
- Inferior ou igual a 4'54", 0,7 puntos.
- Inferior ou igual a 4'57", 0,6 puntos.
- Inferior ou igual a 5'00", 0,5 puntos.
- Inferior ou igual a 5'03", 0,4 puntos.
- Inferior ou igual a 5'06", 0,3 puntos.
- Inferior ou igual a 5'09", 0,2 puntos.
- Inferior ou igual a 5'12", 0,1 puntos.
- Máis de 5'12", NON APTO.

### *SEGUNDO EJERCICIO: PROBA TEÓRICA OBRIGATORIA E ELIMINATORIA*

Consistirá na resolución por escrito dun cuestionario tipo test, elixido por sorteo de entre dous propostos polo tribunal, de vinte (20) preguntas relativas aos temarios que figuran como Anexo II a estas bases, no tempo de realización que acorde o Tribunal.



Esta proba cualificarase de 0 a 10 puntos, debendo acadar un mínimo de 5 puntos para a súa superación.

*TERCEIRO EXERCICIO: PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA,  
OBRIGATORIA E NON ELIMINATORIA*

O Tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega dos aspirantes, mediante unha proba escrita consistente nun cuestionario tipo test de vinte (20) preguntas.

Este exercicio, que non terá carácter eliminatorio, cualificarase de 0 a 5 puntos.

Estarán exentos da realización do terceiro exercicio os aspirantes que acrediten posuír, no día de finalización do prazo de presentación de instancias, o Certificado da lingua Galega 3 (Celga 3) ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, que obterán 5 puntos nesta proba.

Os aspirantes, que en calquera momento poderán ser requiridos para acreditar a súa identidade, deberán presentarse ás probas provistos do documento acreditativo da mesma, así coma dos medios materiais axeitados para a realización das probas.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único e a súa non presentación no momento de ser chamados suporá a súa exclusión do proceso selectivo, agás nos casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas polo Tribunal.

A cualificación final virá dada pola suma das puntuacións obtidas nos tres exercicios. A orde de prelación dos aspirantes efectuarase de acordo coa puntuación final e non poderán superar o proceso selectivo un número de persoas superior ao dos postos convocados, formulándose proposta de contratación a favor dos trece (13) aspirantes que acaden a maior puntuación final.

No caso de empate na puntuación final entre dous ou máis aspirantes, o mesmo será resolto acudindo á puntuación obtida no primeiro exercicio e se persistise o empate acudirase a nota obtida no segundo exercicio. En caso de persistir o empate, este resolverase por sorteo realizado en presenza dos interesados.

Os aspirantes disporán dun prazo de UN DÍA HÁBIL a contar dende o día seguinte á súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello, para presentar reclamacións ás puntuacións de cada exercicio e a proposta de contratación que formule o Tribunal.

Na acta da última sesión incluírase unha relación dos aspirantes que, tendo superado todos os exercicios, non tiveran superado o proceso de selección, co fin, si se estima necesario, de cubrir vacantes por renuncia ou incapacidade temporal dalgún dos seleccionados ou se fose precisa a contratación dun maior número de traballadores para dita obra ou servizo. O chamamento se realizará telefonicamente, debendo constar por escrito a renuncia ou aceptación da contratación, no prazo de un día hábil, entendéndose formulada a renuncia no caso de non constar por escrito a aceptación en dito prazo. Esta bolsa estará vixente durante o ano 2019.





Xoves, 20 de xuño de 2019

Núm. 117

*SEXTA.—PRIMEIRO EXERCICIO E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR  
PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO*

Os aspirantes deberán presentarse no lugar, data e hora que se determine por resolución da Alcaldía, para a realización do primeiro exercicio (PROBA PRÁCTICA), provistos da seguinte documentación:

- DNI.

*SÉPTIMA .—TRIBUNAL*

Co obxecto de proceder a selección do persoal, constituirase un tribunal coa seguinte composición:

- Presidente/a: un/ha funcionario/a ou persoal laboral fixo do Concello de Marín ou de calquera outro Concello ou Administración Pública, pertencente a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ó esixido para participar no proceso selectivo.
- Secretario/a: un/ha funcionario/a ou persoal laboral fixo do Concello de Marín ou de calquera outro Concello ou Administración Pública, pertencente a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ó esixido para participar no proceso selectivo.
- 3 Vogais:
  - dous/dúas funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Marín ou de calquera outro Concello ou Administración Pública, pertencente a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ó esixido para participar no proceso selectivo.
  - -un/ha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Marín ou de calquera outro Concello ou Administración Pública, pertencente a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ó esixido para participar no proceso selectivo, designado pola Alcaldía a proposta da Xunta de Persoal e que actuará, en todo caso, a título individual.

A composición nominal dos membros do Tribunal Cualificador farase pública coa resolución, aprobando a listaxe definitiva de admitidos ao proceso, que será publicada no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

Así mesmo, na resolución na que se designe a composición nominal do Tribunal nomearanse suplentes de cada un dos membros do mesmo.

O Tribunal Cualificador non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, a lo menos, tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente) e, en todo caso, coa asistencia do /a Presidente/a e do/a Secretario/a.



Os membros do Tribunal Cualificador deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público e no artigo 13.2 do RD 364/1995 polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios da Administración Xeral do Estado.

Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 24 da Lei 40/2015.

O Tribunal quedará facultado para resolver tódalas dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas bases e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o previsto nas presentes bases.

A actuación do tribunal rexeráse polo disposto nas presentes bases e na Lei 40/2015.

A Alcaldía e /ou o Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, para todas ou algunha/s da/s proba/s que compoñen o proceso selectivo. Neste caso, os asesores terán dereito ás indemnizacións previstas para os vogais.

Os membros do Tribunal Cualificador deste proceso selectivo serán designados pola Alcaldía segundo o disposto no art. 4, e) e f) do Real Decreto 896/91, do 7 de xuño, así como artigo 60.1 do RD. Legislativo 5/2015, “Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá axustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros, y se tenderá, asimismo, a la paridad entre mujer y hombre.”

A composición do Tribunal axustarase ao previsto no artigo 59.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia non podendo ser parte do mesmo o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, ou persoal eventual e as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria houberan realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou houberan colaborado, durante ese período, con centros de preparación de opositores.

#### *OCTAVA.—ACHEGA DE DOCUMENTOS E FORMALIZACIÓN DE CONTRATOS*

Os/as aspirantes propostos/as para a súa contratación deberán aportar no prazo máximo de tres (3) días hábiles dende o seguinte ao remate do prazo para presentar reclamacións á proposta de contratación, a seguinte documentación acreditativa de cumprir os requisitos esixidos na presente convocatoria, formalizándose posteriormente o contrato de traballo:

- fotocopia cotexada do DNI.
- fotocopia cotexada do Número de Afiliación á Seguridade Social ou tarxeta sanitaria do servizo público de saúde.
- fotocopia cotexada da titulación académica esixida.
- fotocopia cotexada do título de socorrista acuático en espazos acuáticos naturais.



Xoves, 20 de xuño de 2019

Núm. 117

- fotocopia cotexada do documento acreditativo de estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia na sección de espazos acuáticos naturais.
- declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calqueira das administración públicas e de non atoparse en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- certificado/informe médico, orixinal ou fotocopia cotexada, relativo á aptitude para o posto.
- número de conta, do que sexa titular, onde se lle ingresará a nómina.

Se dentro do prazo indicado, e salvo supostos de forza maior, o/a aspirante proposto/a non presentase a citada documentación ou non reunira os requisitos esixidos para ser contratado este decaerá nos seus dereitos quedando anuladas todas as actuacións relativas ao mesmo sen prexuízo das responsabilidades nas que puidera incurrir por falsidade na instancia.

Para o suposto de que algún/ha aspirante inicialmente proposto/a (ou os/as sucesivos seguintes) renunciase á contratación ou non reunira os requisitos esixidos na convocatoria, trasladarase a proposta de nomeamento a favor do/a seguinte aspirante (ou se é o caso, dos seguintes aspirantes) que tendo superado tódolos exercicios non fora incluído na listaxe de aprobados/as e proposta de contratación.

Presentada a citada documentación os/as aspirante/s proposto/a será/n contratado/s, sendo nula a proposta a favor de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme a normativa vixente.

Establécese un período de proba de DOUS MESES. Durante o período de proba os traballadores terán os mesmos dereitos e obrigas correspondentes ao posto de traballo que si fose traballador de plantilla, agás os derivados da extinción da relación laboral.

Durante o período de proba se poderá rescindir a relación laboral por vontade de calqueira das partes sen alegar causa algunha e sen necesidade de preaviso, debendo de comunicarse por escrito facendo constar como causa de extinción da relación laboral a non superación do período de proba.

#### *NOVENA.—PUBLICIDADE DO PROCEDIMENTO*

A publicidade do presente procedemento selectivo realizarase mediante a publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, publicándose os restantes anuncios no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

#### *DÉCIMA.—DISPOSICIÓN DERRADEIRAS*

Primeira.—Para todo o non previsto nestas Bases, será de aplicación supletoria o establecido na Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común, no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia e demais lexislación vixente que sexa de aplicación. Así mesmo, será de aplicación o III convenio colectivo de Instalacións Deportivas de Galicia.



Xoves, 20 de xuño de 2019

Núm. 117

Segunda.—As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesma e das actuacións do Tribunal Cualificador, poderán ser impugnados polos/as interesados/as no caso e na forma establecidos na Lei de Procedemento Administrativo Común, así como na Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

**ANEXOS:****ANEXO I. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE SELECCION.**

D/<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI número \_\_\_\_\_, e enderezo en (Rúa/Lugar) \_\_\_\_\_ (Localidade) \_\_\_\_\_ (Municipio) \_\_\_\_\_ (Código Postal) \_\_\_\_\_, e nº de teléfono \_\_\_\_\_.

**EXPÓN:**

Que enterado /a da convocatoria de selección TRECE (13) SOCORRISTAS para a realización de tarefas salvamento e socorrismo na tempada de verán 2019, polo sistema de oposición, para a súa contratación laboral temporal.

**MANIFESTA:**

Que coñece as Bases e os criterios de selección de esta convocatoria, que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na mesma e que son certos todos e cada un dos datos consignados en esta solicitude e na documentación que á mesma se acompaña.

Que achega a seguinte documentación esixida na Base Cuarta:

- Fotocopia cotexada do DNI.
- Fotocopia cotexada da titulación esixida.
- Fotocopia cotexada Titulación de Socorrista Acuático en espazos naturais.
- Acreditación de esta inscrito/a no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, na sección de Socorristas en espazos acuáticos naturais.
- No seu caso, fotocopia do certificado oficial acreditativo do coñecemento da lingua galega.
- Xustificante do aboamento dos dereitos de exame, por importe de 18,03 euros ou acreditación de estar exento do pago das mesmas.

SOLICITA: Que previos os trámites oportunos teñan por presentada en tempo e forma a presente solicitude, e na súa virtude proceda a admitirme no proceso de selección antes referido.

Marín a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20 \_\_\_\_

Asdo.:



*ANEXO II. TEMARIO*  
*TEMARIO PRIMEIROS AUXILIOS:*

Tema 1. Actuacións do socorrista como primeiro intervinente ante unha situación de emerxencia.

Tema 2. A cadea de supervivencia.

Tema 3. Resucitación cardio- pulmonar básica (RCPB).

Tema 4. Valoración do paciente traumático.

Tema 5. Métodos para optimizar a vía aérea e a respiración.

Tema 6. Intoxicacións por vía respiratoria.

Tema 7. Urgencias médicas.

Tema 8. Feridas.

Tema 9. Queimaduras.

Tema 10. Hemorragias.

Tema 11. Traumatismos.

Tema 12. Accidentes de tráfico.

Tema 13. Lesións producidas por axentes físicos.

Tema 14. Corpos extraños.

Tema 15. Accidentes eléctricos.

Tema 16. Picaduras.

Tema 17. Intoxicacións.

Tema 18. Cadros convulsivos.

*TEMARIO SALVAMENTO ACUÁTICO:*

Tema 1. O socorrismo acuático. Concepto, obxectivos e límites.

Tema 2. O socorrismo acuático profesional e a súa formación.

Tema 3. Prevención de accidentes acuáticos e afogamentos: Educación, información e recursos.

Tema 4. Prevención en programas e actividades acuáticas.

Tema 5. A vixilancia.

Tema 6. Secuencia de actuación en accidentes acuáticos.



Xoves, 20 de xuño de 2019

Núm. 117

Tema 7. Técnicas para entrar á auga.

Tema 8. Técnicas de nado adaptado.

Tema 9. O mergullo.

Tema 10. Técnicas re- control e zafaduras.

Tema 11. Técnicas de traslado de accidentados no medio acuático.

Tema 12. Técnicas de traslado de accidentados no medio acuático con material.

Tema 13. Técnicas para a extracción de accidentados no medio acuático.

Tema 14. Intervención pre- hospitalaria ante posibles lesionados medulares no medio acuático.

Tema 15. Os espazos acuáticos: características e diferencias de interese no socorrismo acuático.

Tema 16. O número de atención de emerxencias 112

Tema 17. ORDE do 14 de maio de 2012 pola que se regula o modelo de distintivo dos socorristas acuáticos na Comunidade Autónoma de Galicia

Tema 18. Decreto 104/2012, de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia e DECRETO 35/2017, de 30 de marzo, polo que se modifica o anterior .

Tema 19. O distintivo EMAS. O distintivo Bandeira Azul.

Asdo. María Ramallo Vázquez

Alcaldesa-Presidenta

